



O FESTIVAL ATLÁNTICA OFRECE A PROGRAMACIÓN MÁIS DIVERSA E AMPLA DA SÚA HISTORIA CON ESPECTÁCULOS EN 33 CONCELLOS E 50 ARTISTAS

- Do 26 de xuño ao 10 de xullo chega a décimo cuarta edición de Atlántica, incorporando oito sedes máis ata os 33 municipios, 62 espazos escénicos e 50 artistas de Galicia, Portugal, Navarra, Zamora, Huelva e Colombia
- Coincidindo co 50 aniversario do falecemento de Ramón Otero Pedrayo, a edición de 2026 incorpora propostas que dialogan co legado dunha das figuras fundamentais da cultura galega. Begoña Caamaño, autora homenaxeada no Día das Letras Galegas, contará cunha lectura pública da súa obra.
- O Ciclo Novas Voces, unha das grandes apostas para favorecer a renovación xeracional da narración oral, amplíase con artistas emerxentes de fóra de Galicia
- Toda a programación en festivalatlantica.gal

Santiago, 15 de xuño do 2026.- O Festival Atlántica presenta a súa décimo cuarta edición, medrando, cun programa máis extenso, novas sedes e unha maior presenza de artistas e proxectos vinculados ao patrimonio cultural e á tradición oral. Para Soledad Felloza, directora do evento, o aumento das cifras revela “que tras trece edicións, o Festival Atlántica revélase como un importante creador de públicos e novos escenarios para a narración oral galega aínda en crecemento”.

Prensa Festival Atlántica

Jessica Pintor |

669 544 308

prensa@festivalatlantica.gal

festivalatlantica.gal



A programación amplía significativamente a súa duración, con cinco días máis que na edición anterior, celebrándose do 26 de xuño ao 10 de xullo. Tamén reforza a súa presenza en todo o territorio: cun total de 33 localidades galegas, oito máis que o ano pasado. Do mesmo xeito, conta con 62 espazos escénicos e 50 artistas, con presenza de Galicia, Portugal, Navarra, Zamora, Huelva e Colombia, con continuidade do intercambio transfronteirizo e ibérico.

Asemade, continúa o Ciclo Novas Voces en varias sedes (Santiago, Mugardos, Ribeira, Pazos de Borbén, Outes, A Fonsagrada...) e amplíase o traballo en espazos patrimoniais, naturais e singulares en todo o territorio.

O festival conta co patrocinio xeral da Xunta de Galicia, da Deputación da Coruña, da Deputación de Lugo e mais co apoio dos diferentes concellos que participan, como é o caso do Concello de Santiago de Compostela onde se realizou a presentación.

No anuncio da programación participaron a concelleira de Capital Cultural, Turismo, Educación e Memoria Histórica do Concello de Santiago, Míriam Louzao; o director xeral de Cultura da Xunta de Galicia, Anxo M. Lorenzo; o alcalde do Concello de Dodro, Francisco X. Castro; a alcaldesa do Concello de Vimianzo, Mónica Rodríguez; alcalde do Concello de Pazos de Borbén, Luciano Otero; o alcalde do Concello de Outes, Francisco Calo; a concelleira de Cultura e Turismo de Teo, M^a Margarita Rosende; así como membros do equipo organizador encabezados pola directora do festival, Soledad Felloza.

A directora do Festival destacou que “Atlántica é hoxe un festival maduro, cunha identidade consolidada e cunha rede de colaboración que medrou co tempo. Moitas das voces que protagonizan a escena actual da narración en Galicia compartiron os seus primeiros pasos con nós e hoxe percorren o país formando parte dun tecido creativo cada vez máis sólido”.

Soledad Felloza explica que “nun momento marcado pola velocidade e pola desconexión humana, seguimos reivindicando a importancia dos circuítos profesionais e dos espazos de encontro. Traballamos cunha arte milenaria, pero tentando responder a unha necesidade moi contemporánea: volver atoparnos. Coa mirada posta no presente e nas novas xeracións, estamos convencidas de que a capacidade de escoitar, compartir historias e construír comunidade é máis necesaria ca nunca”.

Prensa Festival Atlántica

Jessica Pintor |

669 544 308

prensa@festivalatlantica.gal

festivalatlantica.gal



Di que Atlántica “quere seguir contribuíndo á consolidación dun ecosistema cultural diverso, descentralizado e conectado co territorio, favorecendo o encontro entre creadoras e creadores, institucións e públicos. Porque a palabra, ademais do seu valor artístico, continúa a ser unha ferramenta privilexiada para fortalecer os vínculos comunitarios e para xerar espazos de participación cultural e diálogo entre xeracións”.

Así mesmo, fixo fincapé en que coincidindo co 50 aniversario do falecemento de Ramón Otero Pedrayo, a edición de 2026 incorpora propostas que dialogan co legado dunha das figuras fundamentais da cultura galega, reforzando a conexión entre tradición e contemporaneidade e reafirmando o compromiso do festival coa memoria cultural de Galicia.

Asemade, a lectura pública da obra de Begoña Caamaño, realizada coa colaboración de ASPANAES e aberta á participación da sociedade galega, exemplifica a dimensión comunitaria e inclusiva do festival.

Sobre o recoñecemento ás figuras fundamentais da cultura galega, destaca que a entrega da Cornamusa de Honra á profesora e investigadora Camiño Noia supón unha homenaxe a unha das grandes especialistas no estudo e difusión do conto popular e da tradición oral galega, salientando o rol da muller non só na transmisión se non tamén na investigación.

Máis territorio, máis comunidade

A principal novidade desta edición é a súa expansión territorial e temporal. Durante quince días, Atlántica levará a narración oral a castelos, castros, petróglifos, mámoas, lavadoiros, eiras e airas, pozos do liño, escolas indianas, museos, bibliotecas, xardíns botánicos e sendas ecolóxicas, centros culturais, espazos naturais e lugares patrimoniais de toda Galicia.

O festival chegará a 33 localidades das catro provincias galegas, dende A Coruña, Santiago, Ferrol, Mugardos, Teo, Ribeira ou Vimianzo ata Ourense, Castroverde, Quiroga, Taboada, A Fonsagrada ou Xunqueira de Ambía, entre outras, consolidando unha rede cultural que conecta ámbitos urbanos e rurais a través da palabra contada.

Esta aposta polo territorio complementáase cunha programación que continúa a explorar a relación entre patrimonio material e patrimonio inmaterial mediante

Prensa Festival Atlántica

Jessica Pintor |

669 544 308

prensa@festivalatlantica.gal

festivalatlantica.gal



roteiros narrados, conferencias, visitas guiadas, propostas vinculadas á memoria popular e espectáculos creados especificamente para espazos singulares.

Novas voces para novos tempos

A renovación da escena da palabra continúa a ocupar un lugar central na filosofía de Atlántica. Nesta edición consolídase o Ciclo Novas Voces, unha aposta pola creación contemporánea e polo diálogo entre xeracións que permitirá compartir escenario a artistas con traxectoria recoñecida e a novas creadoras e creadores procedentes de diferentes territorios, grazas á colaboración con outros festivais como o AHOZ AHOZ de Guipuzcoa, o Festival de Zamora e coa Escola Superior de Arte Dramática de Galicia.

A presenza de Amaia Elizagoien, Esmeralda Folgado, Fernando *Palitos* ou Santiago Giraldo “Profe Kuro”, entre outras participantes do ciclo, reforza a vontade de Atlántica de abrir espazos profesionais para o encontro, a experimentación e a incorporación de novos relatos, novas linguaxes e novas maneiras de habitar a palabra escénica.

Porque Atlántica entende a tradición oral como unha cultura viva, en constante transformación, onde memoria e creación dialogan para seguir construíndo historias capaces de conectar co presente e coas novas xeracións.

Unha escena da palabra sen fronteiras

Atlántica reunirá este ano 50 artistas procedentes de diferentes lugares da península ibérica e América Latina. Xunto á ampla representación galega, participarán creadoras e creadores de Portugal, País Vasco, Zamora, Huelva e Colombia, fortalecendo a dimensión internacional do festival e consolidando unha rede de intercambio arredor das artes escénicas da palabra.

A programación ofrece propostas para todos os públicos e sensibilidades, desde espectáculos para persoas adultas e familiares ata actividades para a infancia, estreas, roteiros patrimoniais, conferencias e lecturas públicas. Un conxunto de experiencias que dialogan coa memoria e a tradición, pero tamén coas novas formas de creación e cos xeitos contemporáneos de compartir historias.

A palabra como patrimonio vivo

Prensa Festival Atlántica

Jessica Pintor |

669 544 308

prensa@festivalatlantica.gal

festivalatlantica.gal



Fiel á súa esencia, Atlántica continúa defendendo a narración oral como unha ferramenta de cohesión social e un patrimonio vivo que se transforma coa sociedade. A edición de 2026 reforza especialmente o diálogo entre tradición e contemporaneidade, entre memoria e creación, entre territorio e comunidade.

O programa reúne propostas inspiradas na cultura popular galega, nas lendas e seres míticos, na historia dos lugares e nas historias que forman parte da nosa memoria compartida. Unha programación diversa que conecta tradición e contemporaneidade, explorando novas formas de creación arredor da palabra e ofrecendo experiencias pensadas para diferentes xeracións e maneiras de vivir a cultura.

Fiel á súa esencia, Atlántica continúa a reivindicar a palabra como unha arte escénica viva, capaz de xerar comunidade, fortalecer os vínculos co territorio e crear espazos de encontro onde as historias do pasado dialogan coas preguntas e sensibilidades do presente.

A diversidade como parte da escena

Desde hai máis dunha década, Atlántica traballa para facer da cultura un espazo máis aberto, inclusivo e compartido. Moito antes de que a accesibilidade ocupase un lugar central nas políticas culturais, o festival xa incorporaba medidas destinadas a garantir o dereito de todas as persoas a participar das artes escénicas da palabra. Nesta edición, varias propostas contarán con interpretación en lingua de signos, dando continuidade a un compromiso sostido no tempo.

A diversidade tamén estará presente nos propios escenarios, coa participación do artista non vidente Francisco de Romualdo, e en proxectos construídos en colaboración coa comunidade, como a lectura pública de textos de Begoña Caamaño, na que participa activamente ASPANAES.

Porque para Atlántica a accesibilidade non é unha medida puntual nin un apartado específico da programación, senón unha forma de entender a cultura: como un lugar de encontro, de coidados e de celebración da diversidade. Unha cultura viva, capaz de acoller diferentes voces, experiencias e maneiras de habitar a palabra.

SOBRE Festival Atlántica

Atlántica, Festival Internacional de Narración Oral, naceu no ano 2013 con sede en

Prensa Festival Atlántica

Jessica Pintor |

669 544 308

prensa@festivalatlantica.gal

festivalatlantica.gal



Santiago de Compostela cunha clara vocación de ser un encontro de voces e historias de perfil atlántico. Mantén o seu obxectivo de indagar nas raíces comúns das historias do océano, na procura da identidade cultural do Atlántico. Traballa a prol da posta en valor dunha arte escénica amarrada ao territorio, antiga pero adaptada aos tempos, e ampara, xera e difunde unha narrativa integradora, igualitaria e sostible.

KIT DE PRENSA FESTIVAL ATLÁNTICA: <https://cutt.ly/vt3DprRm>

PROGRAMA ADULTOS: <https://festivalatlantica.gal/programa-adultos/>

PROGRAMA INFANTIL: <https://festivalatlantica.gal/programa-infantil-e-familiar/>

Prensa Festival Atlántica

Jessica Pintor |

669 544 308

prensa@festivalatlantica.gal

festivalatlantica.gal

